

OFICINA DE COMUNICACIÓN DE NACEMENTOS AO REXISTRO CIVIL

A partir da entrada en vigor da Lei 19/2015 de 13 de xullo, de medidas de reforma administrativa no ámbito da Administración de Xustiza e do Rexistro Civil que modifica a Lei 20/2011 de 21 de xullo, do Rexistro Civil é posible facer a comunicación dos recién nados dende os Centros sanitarios.

Os Centros sanitarios non son Rexistros Civiles, a nosa tarefa é comunicar o nacemento. A comunicación farase dende a Oficina de Nacementos do Hospital. É necesario que os pais soliciten cita previa e aporten a documentación necesaria, é aconsellable que xa se vaia preparando para a chegada ao Hospital.

O día da comunicación débense presentar:

- Os documentos de identidade de ámbolos dous proxenitores (DNI, NIE ou Pasaportes en vigor)
- Se existe matrimonio, o Libro de Familia ou Certificado de matrimonio.
- No caso de non ser o primoxénito, é preciso aportar o Libro de Familia ou o Certificado de nacemento do primeiro fillo.
- O parte de nacemento que lle darán no Hospital asinado polo sanitario que asiste no parto.

Para facer esta comunicación non deben pasar máis de 72 horas dende o nacemento, e a nai debe estar ingresada no Hospital. Existen nacementos que, debido á situación dos proxenitores, non estamos autorizados a comunicar dende os Centros sanitarios.

Se por calquera razón non se puido comunicar o nacemento dende o hospital, deberán acudir ao Rexistro Civil persoalmente, e aportar os mesmos documentos indicados anteriormente. Neste caso débese adxuntar o Certificado conforme non se ten feito a comunicación dende o hospital (que se lle dará dende a Oficina de Nacementos)

Horario da Oficina: de luns a venres de 9,00 a 14,00 (pecha sábados, domingos e festivos)

Teléfono: 981 176 664

Correo electrónico: comunicación.nacementos.coruna@sergas.es